



O Parlamento de Galicia e a Asociación de exparlamentarios celebrarán a próxima charla-coloquio no IES Auga da Laxe de Gondomar

- **Este venres 19 de abril, o IES Auga da Laxe contará con catro exparlamentarios para coñecer cómo funciona o Parlamento de Galicia**

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2013.- O ciclo de charlas itinerantes organizadas polo Parlamento de Galicia e a Asociación de Exparlamentarios para explicar o funcionamento da Cámara autonómica aos estudantes de secundaria chega este venres 19 de abril ao IES Auga da Laxe de Gondomar.

Nesta ocasión, catro exparlamentarios describirán aos estudantes o funcionamento da Cámara autonómica: trátase de Ramón Sestelo Fernández (PPdeG), Pedro Manuel Mariño Campos (PSdeG-PSOE), Francisco Trigo Durán (BNG) e Pablo Padín Sánchez (CG).

Os exdeputados explicarán a composición, os órganos e as funcións da Cámara, entre outros aspectos destacados da institución autonómica. Os centros participantes tamén reciben do Parlamento un lote de libros para as súas bibliotecas.

Con esta actividade que implica a participación dos estudantes, o Parlamento de Galicia quere promover o interese da mocidade galega pola vida política e as principais institucións da Comunidade autónoma.

As charlas forman parte da estratexia de divulgación do Parlamento de Galicia, que inclúe outras iniciativas como o Concurso Escolar, o programa de visitas guiadas á sede da institución ou a edición de material bibliográfico específico para o público infantil e xuvenil.



Calquera centro educativo interesado en acoller unha actividade deste tipo pode contactar co Parlamento de Galicia para solicitalo.

Previsión informativa:
Charla-coloquio Gondomar

- **Lugar: IES Auga da Laxe.** Campo da Feira, Gondomar.
- **Data e hora: 19/04/2013, 12:30 h.**
- **Asistentes:**
 - Ramón Sestelo Fernández (PPdeG)
 - Pedro Manuel Mariño Campos (PSdeG-PSOE)
 - Francisco Trigo Durán (BNG)
 - Pablo Padín Sánchez (CG)

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia